ASAMBLEA DA MDGA

O Governo autónomo de Ovieu apoiará a sua introdución na Escola e na Administración

A Mesa para a Defensa do Galego de Astúries esixe medidas de normalización lingüística

A Mesa para a Defensa do Galego de Asturias (MDGA) solicitará a reforma do estatuto de Autonomia para a normalización lingüística do occidente asturiano. Esta reforma deberá facilitar o funcionamento dunha Comisión de Normalización na que participen a Administración Autonómica asturiana e entidades relacionadas co estudo, investigación e a normalización linguistica do Galego. Estas medidas terán como obxectivo a oficialización do Galego desde terras do Navia até o Eo, segundo o acordado pola I Asamblea Xeral da MDGA a oficialización do Galego desde o Navia a Lugo.

Estas modificacións territoriais da carta autonómica asturiana deberán conducir á elaboración dunha Lei de Normalización Lingüística que institúa a obrigatoriedade do galego no ensino e no funcionamento administrativo de todo o occidente de Asturias. A MDGA non pretende poñer en discusión o feito da administración asturiana destas terras e ten acordado coa Xunta do Oviedo a non discusión deste extremo sempre que a administración do Principado atenda a defensa do Galego e do patrimonio cultural e etnográfico da zona.

No consello celebrado en San Tirso de Abres, tomouse tamén o acordo de solicitar da Xunta a aplicación das medidas previstas no título V do Artigo 35 da Lei de Normalización Linguistica do Galego exterior. Esta esixencia comprende tamén o fornecemento de toda a infraestructura xa criada en Galiza para o ensino



Aspecto da mesa da I Asamblea da MDGA

, con consideración especial para o occidente astur polo atraso comparativo da sua situación lingüística. A variante normativa de Asturias, considerada coma sub-norma do Galego deberá ser respetada e tida en conta en calquera relación ou usos coas institucións galegas, tal como acordou a asamblea da MDGA na sua sesión plenaria.

Sócios de honra

O pleno contou coa asisténcia dunha ampla representación galega entre a que figuraban os sócios numerários da MDGA Xosé Luis Méndez Ferrin, Manuel María, Lois Diéguez, Paco Martin e o secretário do Instituto da Língua Galega, Antón Santamarina. Acordouse nomear sócios de honra aos tamén asociados e presentes na Asamblea, Alfonso Eiré, director de A NOSA TERRA e Xose Manuel Sarille, presidente da Mesa para a Normalización Lingüística.

Na asamblea debateuse tamén unha ponéncia etnográfica e arqueolóxico-histórica na que se acordou apoiar os museus que se están a constituir en Grandas, a Fonsagrada e Ibias. A defensa do riquísimo património histórico deste território considérase elemento de importáncia para a defesa da sua identidade. Outras actuacións concretas neste campo que se aprobaron na asamblea foron a protección de indústrias rurais, en especial a tradicional do ferro; a conservación da arquitectura popular; o estudo dos costumes e da etnografia e a publicación dunha revista. Entre as propostas referentes á protección do medio ambiente denunciouse a presión da fábrica de celulosa de Navia para reforestación masiva con eucalipto.

No remate da reunión o presidente reelexido Benigno F. Graña leu adhesións ao MDGA do Consello de Administración de A NOSA TERRA, da CXTG-IN e do clube cultural *Adiante* que comunicou a sua resolución de preparar un Congreso da Galicia exterior no que tratar as situacións das terras do occidente asturiano, León e Zamora que treñen o galego como língua. □